

Presentación do proxecto

De **Lingua en lingua** é un proxecto que nace coa finalidade de dar resposta a unha das esixencias da LOMCE nas materias lingüísticas en todos os cursos da ESO: a creación dun produto plurilingüe.

“Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe”.

(Estándares 1º ESO: LGB3.12.1; LCLB3.5.1; PLEB5.8/ Estándares 2º ESO: LGB3.11.1; LCLB3.7.1; PLEB5.8/ Estándares 3º ESO: LGB3.12.1; LCLB3.9; PLEB5.8/ Estándares 4º ESO: LGB3.13.1, LGB3.11.1; PLEB5.8. Decreto 86/2015)

Dirixese especialmente a 1º e 2º ESO, pero os contidos son facilmente adaptables a 3º e 4º ao traballarse un estándar común aos catro cursos.

Artellan este proxecto catro principios metodolóxicos:

➤ **Tratamento integrado das linguas**

Existe unha competencia subxacente común a todas as linguas (Cummins) que determina a aprendizaxe lingüística. As capacidades lingüísticas transfírense dunhas a outras, funcionan de xeito interactivo. Este proxecto pretende aproveitar esta realidade para mellorar a competencia comunicativa do alumnado e, asemade, ofertar accións educativas que favorezan a coordinación dos departamentos lingüísticos.

➤ **Enfoque comunicativo**

Cada unha das nove unidades que compoñen este proxecto educativo propón a realización dun produto lingüístico integrado baseado nunha modalidade textual. Fóxese do modelo gramaticalista na procura de textos próximos á realidade social e intelectual do alumnado, buscando situacións comunicativas concretas e dirixidas a destinatarios reais. Abórdase a creación dos textos procurando combinar en todos os proxectos a elaboración analóxica e dixital, así como o tratamento oral, escrito e multimodal.

➤ **Educación en valores**

As unidades estrutúranse a partir de datas conmemorativas, unha por mes.

➤ **Aprendizaxe cooperativa**

A maioría das actividades propostas desenvólvense en grupos. O ideal sería traballar con equipos cooperativos que se mantivesen igual nas tres linguas.

Na pestana Aprendizaxe cooperativa achégase unha breve introdución a esta metodoloxía, que inclúe consellos para a formación de grupos, ademais dunha breve explicación das estruturas cooperativas básicas, que poden ser aplicadas de xeito doado.

Todos os PTI baséanse no desenvolvemento da competencia comunicativa arredor do texto. É evidente que este traballo competencial realízase a diferente nivel coa lingua estranxeira (inglés, neste caso) que coas linguas de ambiente (galego e castelán).

En xeral, o alumnado segue un proceso de aprendizaxe baseado nos seguintes pasos:

1. Reflexión, procura e selección da información

- Comézase cunha presentación do eixo temático que se vai traballar (ligado a unha conmemoración concreta) e un achegamento aos conceptos básicos e valores que leva asociados.

2. Elaboración dun produto comunicativo.

- Proponse a realización dun produto textual final (PTI), conformado pola realización de tres produtos independentes (un en cada lingua) que se complementan. Estes tres produtos artéllanse arredor dunha mesma tipoloxía discursiva, se ben con produtos textuais distintos. Isto favorece a retroalimentación entre as linguas e a adquisición e reforzo de estratexias comunicativo-textuais por parte do alumnado.
- A fase de elaboración desenvólvese maioritariamente en grupo. Achéganse estruturas cooperativas e unha breve introdución a esta metodoloxía para ser implementada na aula.
- Facíltanse desde o inicio rúbricas de avaliación ao alumnado, o que permite que este saiba exactamente o que se lle pide e como vai ser valorado. Incídese na fase de revisión e mellora da tarefa. Hai rúbricas específicas para a avaliación do traballo en grupo en LG e LC. Todas as rúbricas preséntanse en pdf e odt, o que permite a súa modificación.

3. Exposición do produto elaborado.

- Ao combinar o traballo nas tres linguas, conséguense modelos expositivos que combinan os textos orais cos escritos e aos que ademais se lle une o tratamento multimodal.
- Preséntanse propostas de exposición que teñen en conta a comunidade educativa como informadora e tamén receptora dos produtos textuais elaborados

Esquema PTI (Produto textual integrado) e tipoloxía textual

Mes/ Conmemoración	PTI	Ámbitos de uso	Tipo de texto	PTI (Produto textual integrado)		
				Galego	Castellano	English
16 Outubro Día Internacional da Alimentación	Feira da Alimentación (exposición)	Académico e social	Expositivo (Instrutivo/expositivo)	Os nosos produtos Fichas informativas + exposición oral E/O/(M)	La soberanía alimentaria Dípticos E/(M)	Can you cook? Recipes E/(M)
25 Novembro Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller	Campaña de concienciación contra a violencia machista	Social e literario	Narrativo	Dálle a volta á violencia machista Pirámide da violencia e pirámide da igualdade (cartas e anécdotas) E/O	Di no a las relaciones tóxicas Cortometraje O/E/M	Who is who? Biographies E/O/M
10 Decembro Día Internacional dos Dereitos Humanos	Diálogos humanos (representación)	Literario, académico e social	Dialóxico/Narrativo	Viñetas humanas Banda deseñada E/(O/M)	Escenas humanas Teatro O/E/	Human Rights Advertisements O/E/M
30 Xaneiro Día Escolar da Non Violencia e da Paz	Apostando pola paz (programa de radio)	Medios comunicación e social	Dialóxico/Argumentativo	Resolvendo conflitos Cuñas publicitarias O/E/M	Las consecuencias de la violencia Debate O/E/M	The importance of being a pacifist Biographical arguments O/E/M

21 Febreiro Día Internacional da Lingua Materna	Un mundo de linguas (exposición)	Académico e social	Expositivo/Argumentativo	O tendal dos prexuízos Análise de prexuízos lingüísticos E/O/(M)	Las lenguas que hablamos Grabación de las lenguas habladas en la comunidad O/E/M	Beyond English Formal letters E/O
Marzo Semana da Prensa	O xornal do IES	Medios comunicación, académico e social	Expositivo e argumentativo	Noticias e breves A información E/M	Artículos de opinión y horóscopo A opinión E/M	Rewiews and the weather Information/ opinion E/M/
Abril Semana do Libro e do Dereito de Autor/a	Libro colectivo	Literario e académico	Narrativo	Fotonovela A narración E/(O)/M	Microrrelato La narración E/M	Poem Poetry E/M
9 Maio Día de Europa	De Viaxe por Europa	Académico e persoal	Descritivo/Expositivo	Escollemos destino Presentacións orais. O/M/E	¿Quién soy yo? Fichas de pistas (juego) E/O/(M)	European Citizen Card Board Game E/O/(M)
5 Xuño Día Mundial do Medio Ambiente	Aula da Natureza dixital	Académico e social	Expositivo/Argumentativo	Valora o teu medio Textos multimodais E/M/(O)	Buenas prácticas ambientais Textos multimodais E/M/(O)	Amateur Ornithology Multimodal text E/M/O

PTI Produto textual integrado (Denomina a actividade conxunta final elaborada en colaboración entre as tres linguas)

E Texto escrito / **O** Texto oral/ **M** Texto multimodal (inclúe uso TIC na súa elaboración e/ou difusión)

(E/O/M) Entre parénteses indican que se desenvolven dese xeito nunha actividade previa ao PTI ou que é opcional.

Presentación da unidade

25 novembro: Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres.

O apartado **QUE CONMEMORAMOS** está concibido como presentación da unidade. Lingua galega e Lingua castelá comparten os seus contidos, o que permite facerlle a presentación da unidade ao alumnado desde calquera das dúas linguas.

Este apartado contén un texto sobre o que se traballa a comprensión, o léxico e os conceptos relacionados co tema obxecto de conmemoración. Introdúcense tamén os valores básicos a el asociados.

No apartado **QUE IMOS FACER** cada lingua traballa independentemente, se ben de maneira que se reforzan entre si, de xeito integrado, ao abordar unha mesma tipoloxía textual (tal e como se pode ver no cadro anterior). O resultado final é un produto textual integrado, o cal se propón ser presentado ante a comunidade educativa.

O traballo independente en cada lingua posibilita que a unidade sexa abordada tamén por unha única lingua ou por dúas, se ben neste caso perde o seu valor integral.

Os outros dous apartados ofrécennos recursos para a práctica docente no desenvolvemento da unidade. No apartado **COMO NOS AVALIAMOS** atoparemos rúbricas editables, o que permite que sexan adaptadas ás necesidades de aplicación concretas de cada docente. Estas rúbricas están a disposición do alumnado desde o principio para que sexa consciente do que se lle pide na elaboración da súa tarefa.

Por último, a pestana **PROFESORADO** alberga diferentes materiais de axuda sobre aprendizaxe cooperativa ou a concreción dos contidos e estándares traballados, tal e como se ten comentado na presentación do proxecto.

Todas as unidades rematan coa mostra á comunidade educativa do proxecto elaborado. Neste caso propoñemos a realización dunha **CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA**, que se difundirá entre a comunidade educativa.